

CDR ANCARES, UN XEITO DE FACER PROMOCIÓN

1. RESUMO PARA A VECIÑANZA DE CERVANTES

CDR Ancares é unha asociación sen ánimo de lucro que nace no ano 1987 e inscrita no 1992 no rexistro nacional de asociacións co nº 107073.

É unha asociación que quere sumar o seu gran de area ós das persoas, asociacións, empresas e institucións que están procurando melloras nas condicións de vida de Cervantes cara a un futuro algo máis luminoso.

En Cervantes hai respectables sensibilidades, sobre todo políticas, que nos separan pero hai moitas realidades nas que confluímos a maioría da veciñanza: as dificultades para dixerir a tristura polo progresivo envellecemento e abandono que nos fai humildes e resistentes, milleiros de colaboracións para parolar, traballar, festexar, coidar, etc., proxectos e formas novas que permiten melloras económicas que alentan o presente e despexan un chisco o futuro, un fato de nenas e nenos que son un milagre de vida e esperanza para todos nós, a maioría da mocidade que vive aquí ou ven todas as fins de semana sen renderse posibilitando que moitas persoas maiores poidan seguir vivindo aquí, etc. Agarrándonos a estes xermolos verdes, propoñemos facer da ACCIÓN a ferramenta pedagóxica que nos permita confluír e vaia posibilitando proxectos creativos e sustentables a partir dos cales ir aprendendo, animándonos e mellorando.